



Concello de Oza-Cesuras

BASES PARA A CONTRATACIÓN CON CARÁCTER URXENTE DUN/DUNHA MONITOR/A DE ACTIVIDADE DE TEMPO LIBRE – COIDADOR/A DE NENOS PERSOAL LABORAL A TEMPO PARCIAL DE DEZ HORAS Á SEMANA (DE LUNS A VENRES DE 7.30 A 9.30 HORAS) DURANTE O CITADO PERÍODO DE FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE MADRUGADORES COMPRENDIDO APROXIMADAMENTE DENDE O 1 DE OUTUBRO DE 2017 ATA O REMATE DO CURSO ESCOLAR (21 DE XUÑO DE 2018)

- Requisitos:

a) Ter a nacionalidade española ou ser nacional doutro Estado membro da U.E. ou daqueles Estados aos que se refire e nas que condicións que establece o artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder, como persoal laboral, en igualdade de condicións que as persoas españolas.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza á que se opta. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade para o desenvolvemento das funcións correspondentes á praza acreditaranse por certificación expedida pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou polo organismo ou departamento que sexa competente para iso. Os aspirantes con alguna discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas para que poidan concorrer en igualdade de condicións co resto dos aspirantes. Neste caso, aplicarase o establecido na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño (BOE do 13 de xuño de 2006), pola que se establecen os criterios para adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade ou norma que no futuro a substitúa. Para estes efectos, os tribunais poderán requirir informes ou a colaboración doutros órganos administrativos ou da Administración sanitaria.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, agás que por lei se estableza outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público de que se trate.

d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Posuir a titulación mínima de ESO, FP1 ou equivalente.



Concello de Oza-Cesuras

f) Posuir a titulación de “MONITOR DE TEMPO LIBRE”

g) Non figurar inscrito/a na Base de Datos do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais do Ministerio de Xustiza.

- **Proceso de selección.**

O proceso de selección contará de dúas fases:

1ª.- Fase de concurso, no que se valorará as seguintes circunstancias (ate un máximo de 8 puntos):

a.- Experiencia profesional nas tarefas como monitor de tempo libre: ata un máximo de 6 puntos.

- En concellos como Oza-Cesuras ou similares: 0,5 punto por mes.
- No resto de concellos: 0,25 puntos por mes.
- Noutras Administracións públicas: 0,13 puntos por mes.
- No sector privado: 0,05 puntos por mes.

b.- Outras titulacións afíns ou complementarias e cursos relacionados coas funcións específicas: 0,50 punto por cada curso ata un máximo de 1 punto.

c.- Posuir carnet de conducir tipo B: 1 punto.

2ª.- Fase de entrevista persoal, na que se farán preguntas relacionadas coas tarefas a desenvolver no posto de traballo, interese demostrado no mesmo, así como preguntas relativas ao nivel de coñecementos axeitados ao posto de traballo ao que se aspira: Ata un máximo de 2,00 puntos.

No caso de que non se admitan máis solicitudes que número de prazas convocadas, non será preciso a realización de proceso selectivo.

- **Documentación:**

- a) Instancia na que se inclúan os datos persoais completos, DNI, domicilio, teléfono de contacto e dirección de correo electrónico, facendo constar que se solicita ser admitido/a para a contratación urxente arriba reseñada e relacionando a documentación que se achega para acreditar os méritos alegados.
- b) Fotocopia auténtica ou cotexada do DNI ou documento correspondente ao país da UE
- c) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado.



Concello de Oza-Cesuras

- d) Declaración xurada de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza á que se opta. No seu caso, a condición de discapacitado e a súa compatibilidade para o desenvolvemento das funcións correspondentes á praza acreditaranse por certificación expedida pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou polo organismo ou departamento que sexa competente para iso.
- e) Fotocopia compulsada do título que se esixe como mínimo ou título superior; no caso de non ser expedido, acreditación de ter solicitada a expedición, con validación da entidade bancaria.
- f) Certificación de inexistencia de información penal na Base de Datos do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais do Ministerio de Xustiza.
- g) Fotocopia compulsada da documentación acreditativa dos méritos alegados.

- Prazo de presentación de solicitudes:

Desde o 15 ata o 21 de setembro de 2018, ámbolos dous incluídos.

- Convocatoria:

Publicar o correspondente edicto na páxina web do concello no que se sinalen os requisitos, méritos e documentación que deben presentar os interesados.

O ALCALDE,

José Pablo González Cacheiro